



A Deputación de Pontevedra vén de impulsar a **creación dunha rede de cidades dos nenos e nenas na provincia de Pontevedra seguindo a filosofía do proxecto de 'Cidade das Nenas e dos Nenos' de Francesco Tonucci**. A intención é promover o goberno das cidades tomando as crianzas como parámetro e garantía das necesidades de todos os seus habitantes. Con Tonucci como referencia, **o departamento de Mobilidade da Deputación desenvolverá dúcias de actividades entre os meses de abril e xuño de 2017 en toda a provincia** coa intención de difundir o traballo do pedagogo italiano entre profesionais da educación, técnicos de urbanismo, nenos, familias...

Nestas actividades (suxeitas á confirmación por parte da Administración) terán preferencia os colexios e institutos de municipios adheridos á rede de 'Cidades dos nenos e das nenas' na provincia, como é o caso do teu concello, mais tamén se terá en conta a orde de solicitude.

DO 24 AO 28 DE ABRIL.

- **Visita do pedagogo Francesco Tonucci**, quen realizará varias conferencias ao longo da provincia. **O relatorio principal desenvolverase a tarde do 28 de abril no Pazo da Cultura de Pontevedra –de asistencia libre-**.

DO 28 DE ABRIL AO 31 DE MAIO

- **Apertura da exposición 'Imaxinar a educación. 50 anos con Frato'**. O investigador italiano realizará unha retrospectiva das súas viñetas e debuxos (asinadas como Frato) e exporá o seu pensamento educativo. A **exposición do Pazo da Cultura** será unha invitación a pensar, discutir prácticas desacertadas... unha oportunidade para mostrar a intelixencia e a creatividade da infancia, a súa capacidade para aprender e construír.
- **Desenvolveranse obradoiros destinados tanto a alumnos de Educación Primaria, como de Educación Infantil e ESO. (Adxúntase dossier)**
As unidades didácticas propostas, con monitores propios da exposición, estarán centradas na **bicicleta** (como elemento con múltiples beneficios para a saúde, o medio, e o desenvolvemento de valores sociais), nas **construcións** e nos **xoguetes** (para promover a aprendizaxe a través do xogo), e na **natureza** (como achegamento ao ambiente a través da creación).
- De forma paralela á exposición, a Deputación tamén está a organizar varios **espectáculos de animación de rúa destinados principalmente ao alumnado de Educación Primaria**. A idea é que os cativos e cativas **desenvolvan** de xeito interactivo **ideas sobre como deseñar e transformar os espazos públicos en áreas para xogar, pasear, relacionarse** e, en definitiva, vivir nas súas propias cidades.

A Deputación facilitará de xeito totalmente gratuíto visitas concertadas cos centros escolares á exposición –dende o 2 de maio-, a realización de actividades paralelas –nas datas sinaladas no formulario-, así como o transporte entre o municipio de orixe e o Pazo da Cultura (repartiranse os 80 autobuses contratados de forma compensada entre os centros e concellos solicitantes)

OS CENTROS EDUCATIVOS DEBEN CUBRIR O FORMULARIO ADXUNTO E REMITILO AO ENDEREZO EXPOTONUCCI@DEPO.ES OU PRESENTALO NO REXISTRO PROVINCIAL. Para máis información pódense dirixir ao teléfono 981 08 41 nas extensións 43392 e 42397 ou no correo enderezo electrónico.